




CONCELLO DA FONSGRADA

Teléfonos de interese:
Concello: 982 34 00 00
Centro de saúde: 982 35 00 05
Protección civil: 982 35 00 22
628 925 037

RUTA DE SENDEIRISMO TRES BISPOS



Deixate guiar polas montañas...



Lonxitude: 5700 m

Saída/Chegada: Miradoiro “Os Ancares” (A Fonsagrada)


Dificultade: Media-baixa

Fontes: Unha ao inicio

Desnivel medio: 160 m

Altura máxima: 960 m


Altura mínima: 800 m



Adéntrate nos seus bosques...

Esta fermosa ruta comeza no miradoiro dos Ancares, situado a carón do depósito da auga. Dende a súa panorámica albiscaremos os cumios dos Tres Bispos que actuarán como guías do camiñante ao longo do roteiro.

Tras atravesar un piñeiral chegamos ata a fonte de Calvin onde o descubrir das súas augas nos adentran nun pequeno castiñeiral.



Transcorrendo por un encaixado sendeiro entre un bosque autóctono conformado por castiñeiros, carballos e bidueiros, chegamos ata a Aula de Natureza, unha antiga granxa de capacitación agraria da época republicana.



Deixa a túa pegada no Camiño Primitivo...

A volta á vila permítenos percorrer un pequeno tramo do enxebre Camiño Primitivo de Santiago o cal nos leva ata o punto de inicio.

